

#YOSOYCAMPO

BY VIRBAC

Catro décadas vendo o avance do sector en primeira liña



En vídeo

Juan Manuel García Castro empezou a súa carreira sendo “don Manuel”, un veterinario que facía ruta polas parroquias da zona de Silleda nos anos oitenta. Os 14 anos en Feiraco convertérono en “Manolo de Feiraco”, alcume que mantén hoxe en día malia levar dúas décadas como integrante do equipo de Albeita-Neria. Elixímolos a el, cronista dos grandes avances do sector das últimas décadas, como o primeiro protagonista dos testemuñais de #YoSoyCampo.

A familia de Manuel é natural de Cabana de Bergantiños (A Coruña). Conta que non é fillo de veterinarios, nin de gandeiros, aínda que na súa casa, como era habitual nos anos sesenta, tiñan un par de cabezas de gando para consumo propio. “Eramos unha familia numerosa e con poucos recursos e, a verdade, se decidín estudar Veterinaria foi fundamentalmente porque lle vía saída, non tanto por vocación”, admite. “Pero teño que dicir que nunca me arrepentín da miña decisión, gústame o meu traballo, sempre me gustou”.

Ao preguntarlle sobre a parte que máis goza do seu labor, conta García que o máis satisfactorio é ver o resultado do traballo ben feito, así como tamén poder dar un asesoramento cada vez máis global en granxa. Xunto con isto, destaca orgulloso que a súa relación co gandeiro sempre foi, en xeral, moi boa. “O veterinario ten que ser un brazo máis do gandeiro”, remarca. “Imos prestar un servizo para que o gandeiro mellore; que unha granxa teña máis animais enfermos e eu teña que receitar máis para min sempre será un fracaso”.

Manuel estudou a carreira en León e, aínda que tivo a oportunidade de quedar traballando na facultade, el tiña claro que quería estar sobre o terreo. Comezou a súa carreira profesional nunha asociación de veterinarios en Silleda. Pouco despois empezou a traballar en Feiraco, onde estivo 14 anos ata que, en 1998, se constituíu Albeita-Neria, unha empresa de servizos veterinarios con sede en Mazaricos, da que segue formando parte.

OBSTÁCULOS PASADOS, PRESENTES E FUTUROS

“A profesión parécese moi pouco ao que era cando eu empecei”, asegura. Hai catro décadas, na zona de Mazaricos todas as casas tiñan algunha vaca, “e iso é algo que se transformou totalmente: hoxe as casas que teñen vacas son verdadeiras empresas gandeiras que non teñen nada que ver coas orixes. “A gandería progresou moitísimo”, opina. “Evidentemente, non podemos atribuírnos todo o mérito, pero si é certo que os veterinarios fomos unha parte nese progreso e creo que debemos seguir séndoo”, di Manuel.

Ao lembrar os seus comezos nesta profesión, descríbenos como, nos seus primeiros anos, ao non ter máis que un teléfono fixo en cada parroquia, unha parte do traballo se comunicaba mediante sinais: “Deixábanche aviso no bar, ou poñían un saco diante da casa na que tiñas que parar... E ti facías a ruta a través do concello e había, por exemplo, postos aos que levaban á vaca a inseminar...”, conta.

Falando das problemáticas que afronta o sector hoxe en día, sinala que “complicacións sempre as houbo e sempre as haberá”, e apunta cara á falta de man de obra como o principal obstáculo na actualidade.

Tamén fala da necesidade de concibir a gandería como unha empresa que hai que xestionar. “Neste sentido, creo que fan falta programas máis sinxelos, nos que o gandeiro poida introducir datos de maneira máis simple e que tamén sexa máis fácil extraelos. Canto máis complexo sexa manexalos, menos rendibilidade se lles sacará”, advirte.

“Fai falta un núcleo de comunicación potente que transmita os nosos valores, que facemos, como o facemos... e que iso chegue realmente á sociedade”

Aos futuros integrantes do gremio, Manuel dálles a benvida e asegúralles que “este é un mundo bonito, interesante e non tan duro como se pode pensar a xente”. Nos seus comezos, el si viviu unha época na que os horarios e os días de descanso non eran o habitual, pero esa é unha concepción do pasado. E é que os gandeiros se profesionalizaron e o persoal que traballa ao seu ao redor, tamén.

DIGNIFICAR A PROFESIÓN

O sector profesionalizouse, pero, sen dúbida, está a vivir tempos difíciles no que a reputación social se refire, algo que para Manuel carece de sentido. “O sector primario é indispensable nunha sociedade que queira ser sustentable. Se deixamos de producir os nosos propios alimentos, acabaremos hipotecados, en mans de terceiros. Iso, sen entrar en todas as funcións de mantemento do medio que desempeñamos, xa debería ser suficiente para valorar este sector”.

Neste punto é especialmente crítico García, xa que considera que os medios están a dar unha imaxe de gandeiros e agricultores como “terroristas” do medio ambiente: “Hai que coñecer o mundo rural, os que traballan aquí, como se esforzan, para poder entender que a realidade non é así. Os que estamos dentro sabemos que os nosos produtores merecen toda a confianza, xa que son parte dun sector que axuda a crear vida e a coidar do medio”.

A falta de unión do sector é unha das claves cara ás que apunta este veterinario como causantes do descoñecemento que ten a sociedade en xeral. “Fai falta un núcleo de comunicación potente que transmita os nosos valores, que facemos, como o facemos... e que iso chegue realmente á sociedade”, valora. “Cando chegamos á prensa, sempre o facemos lamentándonos. Parece que estivésemos sempre pedindo, cando non é así”.

Reivindicarse e dignificarse como profesión son dous factores esenciais para Manuel. “Non, non somos millonarios, pero temos unha profesión digna, unha forma de vida e uns medios para vivir razoablemente ben. Non é ningunha vergoña xerar recursos para vivir”, afirma.



JESÚS PERFECTO (Ganadería de Pazos)
Pazos de Vaos (Mazaricos, a Coruña)

“A unha persoa que se vaia incorporar diríalle que se forme e, a partir de aí, que decida que quere facer”

Jesús incorporouse á explotación familiar en 2008, tras acabar os seus estudos en Enxeñaría Agraria. Desde entón, apostaron por innovar e profesionalizarse, o que os levou a ampliar as instalacións e a cuadruplicar o número de animais en produción (pronto terán en funcionamento oito robots, cos que superarán as 500 vacas en muxido).

Que é o que máis che gusta do teu traballo?

A variedade de labores que asumimos. Ao traballar con técnicos, con mecánicos, con tractoristas... e, cos avances que hai en canto a xenética, instalacións, maquinaria, informatización, etc., hai que saber un pouco de todo.

Que lle dirías a alguén que se acaba de incorporar?

Que se forme e, a partir de aí, que decida que quere facer. Cando empezamos coa ampliación nós lemos que se recomendaba saírse da zona de influencia veciñal para ver novas formas de traballar. Seguimos o consello e, por exemplo, fómonos a Verona (Italia) para aprender sobre sistemas de alimentación, xa que alí teñen moita experiencia neste campo.

Como é a vosa relación co veterinario?

O noso caso é un pouco particular porque antes na miña casa estaba a taberna, que era como o centro de reunión da aldea. Alí deixábanse os avisos para o veterinario e eu lembro collerlle os recados a Manolo de toda a vida, porque leva sendo o veterinario desta zona décadas.

Cambiou a función do veterinario coa profesionalización do sector?

Iso depende moito do tipo de gandería e da formación dos gandeiros. Nós, por suposto, escoitamos e tomamos nota de todos os consellos dos técnicos, pero tamén tratamos de estar o máis preparados posible para que, en xeral, do control dos animais se encargue persoal da granxa e non depender para todo do veterinario.

Gustaríache que os teus fillos seguisen os teus pasos?

Claro. Esforzámonos por facer que esta sexa unha forma de vida confortable e atractiva para a xente nova e, se a eles lles gusta, pois si, gustaríame que continuasen, pero non directamente, porque creo que formarse e ter experiencias previas fóra é fundamental.

Está ben considerado o sector gandeiro?

Noutros países está máis dignificado e son conscientes de que somos os que nos encargamos de velar polo medio ambiente. Aquí parece que somos os causantes de todos os males. Quizais, agora que o rural está un pouco máis de moda pola pandemia, a cousa poida cambiar.

Construyendo el futuro de la salud animal

